



POPULARES

CONCELLO DE SANTIAGO
SECRETARIA DO PLENO

Data 05 NOV. 2015

ENTRADA

Núm. 236

**MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS
DO BNG, SOCIALISTA E DO PARTIDO POPULAR**

Os grupos municipais do BNG, Socialista e do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico de Funcionamento, presentan, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No transcurso do Pleno Municipal celebrado o pasado 5 de outubro de 2015 aprobouse por unanimidade unha proposición, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego con emenda do Partido Popular, na que se insta ao Goberno a abrir unha negociación para formalizar un convenio de colaboración entre distintas institucións que permita abordar durante o actual mandato un "proxecto para o conexión peonil e/ou mediante carril bici entre o centro da cidade e as áreas limítrofes co Concello de Ames".

Tendo en conta que existe unha demanda veciñal, canalizada recentemente a través da Asociación Veciñal de Figueiras "Nova Xeira", relativa á necesidade de habilitar un espazo para a circulación segura de peóns e ciclistas na beira da estrada provincial CP7803 Santiago de Compostela-Figueiras, que actualmente carece de beiravías e beirarrúas na maior parte do seu trazado, parece conveniente que se lle dea prioridade a esta actuación de seguridade vial que encaixa coa finalidade do acordo adoptado, ao que anteriormente se fixo mención.

En consecuencia, os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, Socialista e do Partido Popular presentan de forma conxunta a proposta do seguinte acordo:

O Pleno insta ao Goberno Municipal a que nas negociacións que estableza para a formalización dun convenio interinstitucional dirixido á execución dun proxecto para a conexión peonil e/ou mediante carril bici entre o centro da cidade e as áreas limítrofes co Concello de Ames, se inclúa con carácter prioritario o itinerario da estrada provincial CP-7803 que comunica Santiago de Compostela con Figueiras.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2015

Rubén Cela Díaz
Voceiro do BNG

Francisco Reyes Santiás
Voceiro do PSdeG-PSOE

Agustín Hernández
Voceiro do Partido Popular

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA